

LINGUA E COMUNICACIÓN

1º Bach.
Curso 2020-2021



A comunicación


É o **proceso social** que ten por finalidade o **intercambio de información**. Procede do latín *communicatio*, derivada do verbo *communicare* “compartir, poñer algo en común, participar en algo con alguén”.

Para que exista comunicación non chega só con transmitir información. Debe haber un intercambio, é dicir, un papel activo das dúas partes: **intención comunicativa por parte do emisor e unha reacción /resposta por parte do receptor**.

A comunicación humana establécese por medio da linguaxe verbal (oral e escrita), pero non son empregamos **comunicación lingüística**. Tamén usamos sistemas non verbais:

- **Visual:** acenos (chiscar os ollos, lingua de signos...), formas gráficas (sinais de tránsito), cores (nos semáforos)...
- **Táctil:** palmada nas costas como saúdo
- **Sonora:** sirenas, chifres...
- **Olfactiva:** o perfume dunha persoa
- **Gustativa:** o sabor do viño para os enólogos

Elementos da comunicación



EMISOR

Quen transmite a información, creando e dirixindo unha mensaxe a un ou varios receptores.

RECEPTOR

A persoa que recibe e interpreta a información da mensaxe.

MENSAXE

A información que se transmite.

CÓDIGO*

É o conxunto de signos e de regras para combinalos que se empregan para construír e interpretar a mensaxe.

CANLE

A vía a través da cal se transmite a mensaxe.

REFERENTE

A realidade extralingüística á que se refire a mensaxe.

O código*

O **código lingüístico** é o conxunto de signos lingüísticos que se combinan entre si (segundo unhas pautas), na oralidade e na escrita.

O **código mixto** baséase na lingua escrita, mais busca reproducir elementos do código non lingüístico.

- **Elementos cinésicos:** emoticonas.
- **Elementos paralingüísticos:** reproducen a entoación (sinais de interrogación, exclamación) e a elevación do ton (as maiúsculas).

O **código non lingüístico** cumpre diferentes funcións: completar a idea expresada verbalmente, contradicir a información emitida, enfatizar, regular a interacción entre os participantes nun acto comunicativo...

- **Elementos proxemáticos:** fan referencia ao lugar que cada persoa ocupa no espazo comunicativo. Depende de factores situacionais e culturais.
- **Elementos cinésicos:** os movementos corporais (xestos, postura corporal, expresión facial...).
- **Elementos paralingüísticos:** o ton, o volume de voz, o ritmo...

CONTEXTO (lingüístico)

Son os elementos lingüísticos que anteceden e proseguen á mensaxe e aclaran o seu contido.

A Lúa é un satélite.

O satélite xira e emite ondas de radio que se reciben na Terra.

SITUACIÓN (contexto de comunicación)

O lugar, o momento, o ambiente social e cultural que rodea os participantes nese actos comunicativo

Vai bo tempo!

Os bañistas na praia de Rodeira; nunha conversa entre labregos despois dunha época de seca; uns esquiadores en Manzaneda

Que elementos comunicativos están aquí presentes?



Que elementos comunicativos están aquí presentes?

Emisor	Nai
Receptor	Filla
Mensaxe	Estou farta de que sempre chegues tarde!
Código	Lingua galega; elementos paralingüísticos (ton, entoación...); xestualidade
Canle	Aire
Referente	Chegar tarde para a nai é vir ás nove da noite Chegar tarde para filla é vir ás once da noite.
Contexto	O salón da casa familiar
Situación	A nai rífalla á filla porque desobedeceu as indicacións que lle deu ao mediodía.

Que elementos comunicativos están aquí presentes?



Que elementos comunicativos están aquí presentes?

Emisor	A DXT
Receptor	A persoa que conduce
Mensaxe	Deteña o seu vehículo
Código	Código de circulación
Canle	Visual (sinal)
Referente	A parada
Contexto	Un coche circula pola estrada
Situación	Unha vía de circulación cun cruce próximo

Funcións da linguaxe

Son os fins concretos da comunicación, isto é, os obxectivos que lles asignamos ás mensaxes cando as producimos.

REPRESENTATIVA OU REFERENCIAL	A súa finalidade é informar da realidade, transmitir ideas ou conceptos.
EXPRESIVA OU EMOTIVA	A súa finalidade é transmitir os sentimentos e emocións do emisor.
APELATIVA OU CONATIVA	Preténdese chamar a atención ou influír no receptor a través da mensaxe.
FÁTICA OU DE CONTACTO	Busca verificar que a canle funciona; abrir, pechar e manter a conversa.
POÉTICA OU ESTÉTICA	Centra a atención na forma da mensaxe.
METALINGÜÍSTICA	Serve para falar e informar sobre o propio código lingüístico.

Que funcións da linguaxe identificades?

Referencial ou
representativa

Emotiva

Apelativa



Que funcións da linguaxe identificades?

Apelativa

Emotiva

Poética

Referencial ou
representativa



1. Identifica os elementos da comunicación que interveñen na seguinte imaxe.



2. Identifica os elementos da comunicación presentes nesta imaxe. Crea unha conversa ficticia entre os dous interlocutores na que inclúas, polo menos, 3 funcións da linguaxe diferentes. Sinálaas.



A comunicación animal. Podemos comunicarnos con un animal?



Comunicación humana e animal. Diferenzas

A linguaxe animal **non muda dunha comunidade a outra** e mantense igual en todas as partes.

A linguaxe animal presenta un **número limitado de mensaxes**, sempre relacionadas co presente ou co futuro inmediato.

Na comunicación animal as mensaxes están **referidas ao contexto concreto** onde se produce o acto comunicativo.

Non é articulada, é dicir, os animais non empregan signos que se poden descompoñer en unidades menores.

Que quiere decir que a linguaxe humana é un **sistema articulado de signos**?



Os signos

Un **signo** é calquera forma de expresión perceptible polos sentidos (vista, oído etc.) que evoca un elemento da realidade na nosa mente. En calquera acto de comunicación se utilizan signos.

Nos signos atopamos dous planos:

- Plano material: a expresión, que percibimos polos sentidos, o **significante**. Por exemplo, o timbre do instituto ás 11:30 h.
- Plano mental: o contido, o que se representa ou evoca, o **significado**. Por exemplo, “hora de saír ao patio”.

O signo lingüístico

O **signo lingüístico** é a unidade básica da língua, e é privativo do ser humano.

SIGNIFICANTE		SIGNIFICADO
Oralidade	Escrita	
/ˈbarkos/	barcos <b+a+r+c+o+s>	

O signo lingüístico

- A **relación** entre significante e significado é **arbitraria e convencional**.
- O signo lingüístico é **articulado**, é dicir, pódese segmentar en unidades menores. Estas combínanse en dous niveis:

2ª articulación: unidades con significante, sen significado $\longrightarrow$ **fonemas**
/b/ /a/ /r/ /k/ /o/ /s/


1ª articulación: unidades que teñen significante e significado $\longrightarrow$ **monemas**
Barco- (construción destinada a desprazarse sobre a auga)
-s (plural; máis de un)

É o mesmo...

- linguaxe
- lingua
- fala



Linguaxe, lingua e fala



Facultade propiamente humana de comunicarse mediante signos lingüísticos orais e escritos. Esta facultade maniféstase de xeito diverso segundos os distintos grupos humanos que existen.

Cada unha das manifestacións sociais e concretas da linguaxe nun tempo e nun lugar determinado. A lingua é o código, isto é, un sistema de signos interdependentes combinados segundo certas regras.

É a utilización individual concreta que cada un dos membros da comunidade fai da súa lingua.

??

O neno de Aveyron e a lingua



“Lingua” ou “linguaxe” de signos?



A lingüística

É a ciencia que se encarga de estudar a linguaxe. Os elementos que integran o código lingüístico (os signos e as regras para combinalos) establecen entre si unha serie de relacións que se organizan en diversos niveis.

Nivel	Obxecto de estudo	Unidades	Disciplina
Fónico	Estrutura do sistema fónico	Son	Fonética
		Fonema	Fonoloxía
Morfolóxico	Descrición da forma das palabras	Morfema Palabra	Morfoloxía
Sintáctico	Relación entre palabras e unidades superiores para formar unidades complexas.	Frase Cláusula Oración	Sintaxe
Léxico-semántico	Relacións entre os significados	Lexema	Lexicoloxía
		Sema	Semántica
Textual	Tipoloxía textual e características	Texto	Lingüística do texto
Pragmático	Uso da lingua	Enunciado	Pragmática

Contesta as seguintes preguntas relacionadas cos contidos

- 1) Que é a comunicación?
- 2) Distingue entre comunicación e linguaxe.
- 3) Por que dicimos que a linguaxe non é unha característica innata do ser humano?
- 4) Que funcións cumpre a linguaxe?
- 5) En que se diferencia a linguaxe humana da comunicación animal?
- 6) Características do signo lingüístico.
- 7) Que quere dicir que a lingua é un sistema? Como se organiza ese sistema?